


EXERCICIOS DATACIÓN ABSOLUTA



1. Unha das parellas de isótopos que se empregan para datar de forma absoluta as rochas é o par $^{40}\text{K}/^{40}\text{Ar}$, cuxo periodo de semidesintegración é 1310 Ma. Que idades terían as seguintes rochas?
 - Rocha con 12.5 % de elemento pai e 87.5 % de elemento fillo.
 - Rocha con 25 % do elemento pai e 75% do fillo.
 - Rocha con 50% de elemento pai e 50% de elemento fillo.
 - Rocha con 100% de elemento pai.

2. Observade as bolsas que conteñen boliñas de cores. Cada unha delas representa unha rocha que contén un mineral radiactivo, que por tanto serve para datar. En cada bolsa hai bolas de dúas cores diferentes: unha representa o elemento pai e a outra representa o elemento fillo. Coñecendo o valor do periodo de semidesintegración, responde: cal é a idade de cada rocha?

Para responder podedes ir paso a paso:

- Cantas bolas hai en total?
- Cantas de cada cor? Que porcentaxes representan do total?
- Cantos periodos de semidesintegración transcuriron?
- Cal é a idade da rocha?

3. On romanos extraían ouro das areas do Miño, igual que se segue a facer na actualidade. As areas do Miño conteñen algúns minerais de circón, que á súa vez conteñen átomos de ^{238}U ; este elemento é inestable e se transforma en chumbo ^{206}Pb . Sería posible datar os sedimentos do río analizando a proporción de $^{238}\text{U}/^{206}\text{Pb}$ nos circóns? Razoade a resposta.

4. Imaxinade que nun río de Asturias atopades un canto rodado que é un amonites. Poderíades dicir que os depósitos do río son do Mesozoico? Razoade a resposta.